



CCOO INFORMA

AXUDA A PERSOAS AUTÓNOMAS PARA COMPENSAR A SUBA DOS CUSTOS

En que consiste a axuda?

Concesión dunha axuda económica ás persoas traballadoras autónomas e microempresas para faceren fronte á situación económica xerada pola suba dos custos das materias primas e subministracións, que afectan e condicionan a súa actividade económica.

Quen pode solicitala?

As persoas traballadoras autónomas de alta no RETA ou no réxime de traballadores do mar como traballadores e traballadoras por conta propia, así como as persoas mutualistas, con domicilio fiscal en Galicia e que tivesen uns rendementos netos mínimos de actividades económicas realizadas de 10 000 € e un máximo de 30 000 €, no ano 2021.

As persoas traballadoras autónomas de tempada que acrediten estar de alta ou situación asimilada no momento da presentación da solicitude, e que estiveran de alta un mínimo de catro meses e un máximo de nove meses no ano 2021 e no ano 2022.

As microempresas, sociedades, incluídas as de economía social, comunidades de bens ou sociedades civís, con domicilio fiscal en Galicia e cun mínimo de facturación no ano 2021 de 50 000 € e un máximo de 750 000 € no mesmo ano 2021.

As persoas ou entidades beneficiarias deberán manter a actividade durante os seis meses posteriores á publicación desta orde de axudas e cubrir de maneira obrigatoria unha declaración responsable xunto co modelo de solicitude.

Quen non pode solicitalo?

As persoas autónomas colaboradoras e familiares que, de maneira habitual, realizan traballos para persoas traballadoras autónomas ou mutualistas de colexio profesional e que non teñan a condición de persoas traballadoras por conta allea.

As persoas ou entidades que non cumpran os requisitos establecidos nesta orde ou na Lei de subvencións de Galicia para poder ser beneficiarias.

Cal é a contía das axudas?

Establécese en función dos rendementos netos conforme a seguinte escala:

a) Para as persoas autónomas que tributen en réxime de estimación obxectiva (módulos), o importe da axuda será de 800 €.

b) Para persoas autónomas que tributen en réxime de estimación directa ou atribución de rendas e outros réximes, o importe da axuda será de 1500 € para rendementos netos no ano 2021 de ata 20 000 € e de 1200 € para rendementos de ata 30 000 €.

c) Para microempresas, sociedades—incluídas as de economía social—, comunidades de bens ou sociedades civís, o importe da axuda será de 1500 € para un mínimo de facturación no ano 2021 de entre 50 000 € e un máximo de 250 000 € e de 1200 € para unha facturación superior a 250 000 €.

Os importes previstos reduciranse ao 50 % no caso de persoas autónomas, microempresas, sociedades —incluídas as de economía social—, comunidades de bens ou sociedades civís que se deran de alta ao longo do ano 2021 e non acrediten 12 meses completos de actividade e tamén no caso de persoas autónomas de tempada.

Cando e onde se debe solicitar?

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos, a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>

Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

O prazo de presentación de solicitudes iníciase o 9 de xaneiro de 2023 e remata o 9 de febreiro de 2023.

Máis información

DOG núm. 3, mércores, 4 de xaneiro de 2023

CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE

ORDE do 28 de decembro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras do programa Impacto Autónomo e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 (código de procedemento TR890A).

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2023/20230104/AnuncioG0656-231222-0003_gl.pdf